



**Memoria funcional da proposta de aprobación de modificación da relación de postos de traballo referente ao proceso de funcionarización de postos de traballo de persoal laboral da Xunta de Galicia correspondente ao corpo de Agrupación profesional do persoal funcionario da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, *escala de persoal de limpeza e cociña e recursos naturais e forestais (especialidade de persoal de limpeza e cociña)***

## ANTECEDENTES

A disposición transitoria primeira da Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia, e a disposición transitoria segunda do Real decreto legislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto básico do empregado público, establecen as previsións necesarias para facer posible a funcionarización do persoal laboral fixo que realiza funcións ou desempeña postos de traballo de persoal funcionario.

A disposición transitoria primeira da *Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia* regula que o persoal laboral fixo das administracións públicas incluídas no ámbito da súa aplicación que, no momento da entrada en vigor da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto básico do empregado público, estea a realizar funcións ou desempeñe postos de traballo de persoal funcionario, ou pase a realizar as devanditas funcións ou a desempeñar os devanditos postos en virtude de probas de selección ou promoción interna convocadas antes da data sinalada, poderá seguir a realízalas ou desempeñalas.

Así mesmo, dita disposición no seu apartado segundo recolle que o Consello da Xunta de Galicia establecerá, a través das relacións de postos de traballo (RPT), a valoración, clasificación e determinación dos postos de traballo afectados por esta norma, na Administración Xeral da Comunidade Autónoma de Galicia e nas entidades públicas instrumentais do sector público autonómico.





## DESENVOLVEMENTO DO/S PROCESO/S

### Primeiro. Oferta de Emprego público para o ano 2020

Para dar cumprimento ao establecido na *Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia* e na disposición transitoria segunda do *Real decreto legislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto básico do emprego público*, **esta administración** incorporou as prazas obxecto de funcionarización no anexo V do *Decreto 225/2020, do 23 de decembro, polo que se aproba a oferta de emprego público correspondente a prazas de persoal funcionario e laboral da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2020* (DOG núm. 260 do 29 de decembro).

### Segundo. Procedemento para adquisición da condición de persoal funcionario de carreira

O Decreto 165/2019, do 26 de decembro, establece o procedemento para a adquisición da condición de persoal funcionario de carreira polo persoal laboral fixo do Convenio colectivo único do persoal laboral da Xunta de Galicia. O seu anexo foi modificado pola *Orde da Consellería de Facenda e Administración Pública do 10 de marzo de 2021* (DOG núm. 61 do 31 de marzo).

### Terceiro. Convocatoria dos procesos

Por *Resolución do 12 de maio de 2021 convocáronse procesos para a adquisición da condición de persoal funcionario de carreira da agrupación profesional de persoal funcionario, do persoal laboral fixo de varias categorías pertencentes ao grupo V, do V convenio colectivo do persoal laboral da Xunta de Galicia, mediante o seu cambio de vínculo xurídico* (DOG nº 94 do 21 de maio):

Corpo/escala	Grupo	Categoría	Nº Prazas
<i>Agrupación profesional do persoal funcionario da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, <b>escala de persoal de limpeza e cociña e recursos naturais e forestais (especialidade de persoal de limpeza e cociña)</b></i>	V	1 (Camareiro/a-limpador/a...) 11 (Limpador/a...)	951

### Cuarto. Aspirantes que superaron os procesos selectivos

Por resolucións do 7 de febreiro e do 17 de xuño de 2022, a Comisión encargada de cualificar o proceso para a adquisición da condición de persoal funcionario de carreira do persoal laboral fixo de diversas categorías e postos pertencentes ao grupo V do V Convenio colectivo do persoal laboral da Xunta de Galicia, mediante o seu cambio de vínculo xurídico (DOG nº 34 e 125 do 18 de febreiro e 1 de xullo de





respectivamente), fixo pública a relación de aspirantes que superaron os procesos de funcionarización das **categorías V-01 e V-11 (camareiro/a limpador/a: limpador/a)**, entre outras.

### **Quinto. A relación de postos de traballo**

O Decreto 165/2019, do 26 de decembro, polo que se establece o procedemento para a adquisición da condición de persoal funcionario de carreira polo persoal laboral fixo do V Convenio colectivo único do persoal laboral da Xunta de Galicia, recolle que os postos clasificados como de persoal funcionario de carreira ou como de persoal laboral susceptible de selo como de persoal funcionario de carreira, debe estar aprobada con anterioridade á toma de posesión como persoal funcionario de carreira.

En desenvolvemento do procedemento establecido no decreto, esta Dirección Xeral da Función Pública elaborou a presente modificación de relación de postos de traballo da Administración Xeral da Comunidade Autónoma de Galicia determinando previamente aqueles postos de persoal laboral da Xunta de Galicia afectados polo proceso de funcionarización.

Para a determinación dos postos susceptibles de seren clasificados como de persoal funcionario, tívose en conta o artigo 6 do Decreto 165/2019, do 26 de decembro, modificado o seu anexo pola Orde da Consellería de Facenda e Administración Pública do 10 de marzo de 2021 (DOG núm. 61 do 31 de marzo) que establece o seguinte:

*“Clasifícaranse como de persoal funcionario os postos de traballo definidos actualmente nas respectivas RPT como de adscrición de persoal laboral dalgunha das categorías recollidas no anexo desta norma.*

*A clasificación como de persoal funcionario realizarase no corpo, escala ou especialidade previsto como equivalente no mencionado anexo”.*

Tívose en conta tamén o disposto na Orde da Consellería de Facenda e Administración Pública do 10.03.2021 que modificou o anexo do Decreto 165/2019, do 26 de decembro, que establece a equivalencia entre as correspondentes categorías profesionais do persoal laboral e as correspondentes escalas do persoal funcionario.

- **Quinto 1. Postos que comprende a presente RPT**

Cómpre sinalar que esta modificación de relación de postos de traballo comprende un total de **2429** postos que, ademais dos **643** postos do persoal laboral fixo que superou os procesos correspondentes, inclúe tamén outros postos de persoal laboral que tamén son obxecto de funcionarización (**1786**), e que se corresponden con:





- Postos de traballo ocupados polo persoal laboral fixo que non superou o proceso, e que manteñen a ocupación como persoal laboral fixo
  - Postos de traballo vacantes ou ocupados por persoal laboral temporal e indefinido non fixo que continuarán desempeñando as súas funcións nos postos que viñan ocupando, nas mesmas condicións e situación, ata que se leve a cabo o establecido na disposición transitoria primeira bis da Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia, logo do remate dos procesos de funcionarización que se convoquen ao abeiro das ofertas de Emprego dos anos 2018, 2019, 2020 e 2021.
  - Postos a xornada parcial que pasan a xornada completa, por superar as persoas titulares o proceso selectivo.
  - Postos a xornada parcial
  - Postos cuxos ocupantes superaron os procesos de funcionarización pero que se xubiláron antes do nomeamento como persoal funcionario.
- **Quinto 2. Non forma desta RPT** de funcionarización os postos:
    - De persoal laboral fixo discontinuo
    - De fin de semana por non teren carácter permanente
    - Que cando sexan vacantes a transformar en praza estatutaria

### Sexto. Terceira RPT de funcionarización

A presente modificación da relación de postos de traballo da Administración Xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, corresponde á terceira RPT de funcionarización:

*A primeira foi aprobada por Acordo do Consello da Xunta de Galicia do 24 de xuño de 2021 polo que se aproba a modificación da relación de postos de traballo da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia referente ao proceso de funcionarización de postos de traballo do persoal laboral da Xunta de Galicia (DOG nº 120 do 25 de xuño, corrección de erros do DOG nº 152 do 10 de agosto).*

*A segunda foi aprobada por Acordo do Consello da Xunta de Galicia do 17 de febreiro de 2022 polo que se aproba a modificación da relación de postos de traballo referente ao proceso de funcionarización de postos de traballo de persoal laboral da Xunta de Galicia correspondente á administración especial da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia e as clasificacións na escala de facultativos (especialidades de medicina, psicoloxía, pedagogía), escala técnica de facultativos (especialidades de enfermaría, educadores, fisioterapia, traballo social, terapeuta ocupacional), escala de axentes técnicos*





*facultativos (especialidade de educación infantil) e escala de auxiliares de clínica; así como a modificación da relación de postos de traballo da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia referente ao proceso de funcionarización, aprobada polo Acordo do 24 de xuño de 2021. 2021 (Dog núm. 36 do 22 de febreiro, corrección de erros Dog nº 53 do 17 de marzo)*

## Sétimo. Clasificación dos postos

Clasificación de postos da Agrupación Profesional do persoal funcionario da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, *escala de persoal de limpeza e cociña e recursos naturais e forestais (especialidade de persoal de limpeza e cociña)*:

Postos	Observacións	Nivel
AXUDANTE/A DE COCIÑA	Sen ningún complemento salarial ou réxime de quendas	9
AXUDANTE/A DE COCIÑA	Con B14 ou B14 con RÉXIME QUENDAS-XORNADA ESPECIAL)	10
AXUDANTE/A DE COCIÑA	Con B10 ou B11 ou B18	11
AXUDANTE/A DE COCIÑA	Con B10 e B14 ou B14 e B18 (con/sen RÉXIME QUENDAS e/ou XORNADA ESPECIAL)	12
AXUDANTE/A DE COCIÑA	Con B10 e B18	13
AXUDANTE/A DE COCIÑA	Con 3 complementos salariais (B10 // B14 // B18, B10 // B11 // B14 ou B10 // B11 // B18)	14

Postos	Observacións	Nivel
CAMAREIRO/A-LIMPADOR/A	Sen ningún complemento salarial ou réxime de quendas	9
CAMAREIRO/A-LIMPADOR/A	Con B14 ou B14 con RÉXIME QUENDAS-XORNADA ESPECIAL)	10
CAMAREIRO/A-LIMPADOR/A	Con B10 ou B11 ou B18	11
CAMAREIRO/A-LIMPADOR/A	Con B10 e B14 ou B14 e B18 (con/sen RÉXIME QUENDAS e/ou XORNADA ESPECIAL)	12
CAMAREIRO/A-LIMPADOR/A	Con B10 e B18	13
CAMAREIRO/A-LIMPADOR/A	Con 3 complementos salariais (B10 // B14 // B18, B10 // B11 // B14 ou B10 // B11 // B18)	14

Postos	Observacións	Nivel
COSTUREIRO/A	Sen ningún complemento salarial ou réxime de quendas	9
COSTUREIRO/A	Con B10 e B14 ou B14 e B18 (con/sen RÉXIME QUENDAS e/ou XORNADA ESPECIAL)	12

Postos	Observacións	Nivel
EMPREGADO/A COCIÑA-PINCHE	Sen ningún complemento salarial ou réxime de quendas	9
EMPREGADO/A COCIÑA-PINCHE	Con B14 ou B14 con RÉXIME QUENDAS-XORNADA ESPECIAL)	10

Postos	Observacións	Nivel
FREGADOR/A	Con B14 ou B14 con RÉXIME QUENDAS-XORNADA ESPECIAL)	10

Postos	Observacións	Nivel
LAVANDEIRO/A	Con B10 ou B11 ou B18	11





Postos	Observacións	Nivel
LIMPADOR/A	Sen ningún complemento salarial ou réxime de quendas	9
LIMPADOR/A	Con B14 ou B14 con RÉXIME QUENDAS-XORNADA ESPECIAL)	10
LIMPADOR/A	Con B10 ou B11 ou B18	11
LIMPADOR/A	Con B10 e B14 ou B14 e B18	12
LIMPADOR/A	Con 3 complementos salariais (B10 // B14 // B18, B10 // B11 // B14 ou B10 // B11 // B18)	14

Postos	Observacións	Nivel
LIMPADOR/A-FREGADOR/A	Sen ningún complemento salarial ou réxime de quendas	9
LIMPADOR/A-FREGADOR/A	Con B14 ou B14 con RÉXIME QUENDAS-XORNADA ESPECIAL)	10

Postos	Observacións	Nivel
PASADOR/A DE FERRO-LAVANDEIRO/A	Sen ningún complemento salarial ou réxime de quendas	9
PRANCHADOR/A-LAVANDEIRO/A	Con B14 ou B14 con RÉXIME QUENDAS-XORNADA ESPECIAL)	10
PRANCHADOR/A-LAVANDEIRO/A	Con B10 ou B11 ou B18	11
PRANCHADOR/A-LAVANDEIRO/A	Con B10 e B14 ou B14 e B18	12

Postos	Observacións	Nivel
SERVIZO DOMÉSTICO	Sen ningún complemento salarial ou réxime de quendas	9
SERVIZO DOMÉSTICO	Con B10 ou B11 ou B18	11
SERVIZO DOMÉSTICO	Con B10 e B14 ou B14 e B18	12

CÓDIGO	DESCRIPCIÓN DOS PLUSES
B10	COMPLEMENTO SALARIAL DE SINGULARIDADE POR PERIGOSIDADE.
B11	COMPLEMENTO SALARIAL DE SINGULARIDADE POR TOXICIDADE.
B12	COMPLEMENTO SALARIAL DE SINGULARIDADE DE RESPONSABILIDADE.
B13	COMPLEMENTO SALARIAL DE ANTIGÜEDAD.
B14	COMPLEMENTO SALARIAL DE SINGULARIDADE DE ESPECIAL DEDICACIÓN.
B15	COMPLEMENTO SALARIAL DE FUNCIONS.
B16	COMPLEMENTO SALARIAL DE NOCTURNIDADE.
B18	COMPLEMENTO SALARIAL DE SINGULARIDADE POR PENOSIDADE.
B20	COMPLEMENTO SALARIAL DE DIRECCIÓN.

Clasifícanse tamén aqueles postos que sen teren complementos de pluses na relación de postos de traballo, con e sen sentenza xudicial de recoñemento, realizan as mesmas funcións, tarefas... nas mesmas circunstancias, homoxeinizándose a súa clasificación.

#### Oitavo. Clasificación nivel 9. Modificación do Decreto 93/1991

*O Decreto 93/1991, do 20 de marzo, polo que se aproba o regulamento de provisión de postos de traballo, promoción profesional e promoción interna regula, no seu artigo*

Dirección Xeral de Función Pública  
Edificio administrativo de San Caetano, 1, 2º  
15781 Santiago de Compostela  
Teléfono: 981 545 227 Fax 981 545 225  
[direccion.xeral.funcion.publica@xunta.gal](mailto:direccion.xeral.funcion.publica@xunta.gal)





19 os niveis, de clasificación dos postos de traballo segundo o grupo de pertenza do seguinte xeito:

*"Os intervalos de niveis de postos de traballo que correspondan a cada corpo ou escala, de acordo co grupo en que se encontren clasificados, serán os seguintes:*

<b>Corpos ou escalas</b>	<b>Nivel mínimo</b>	<b>Nivel máximo</b>
Subgrupo A1	20	30
Subgrupo A2	16	28
Subgrupo C1	14	25
Subgrupo C2	12	20
AP	10	14

*En ningún caso os funcionarios poderán desempeñar postos de traballo non incluídos nos niveis do intervalo correspondente ó grupo no que figura clasificado o seu corpo ou escala"*

Mentres non estea desenvolto regulamentariamente o sistema de carreira horizontal disposto na *Lei 2/2015, do 29 de abril, de Emprego Público de Galicia*, o persoal funcionario seguirá posuíndo un grado persoal que corresponderá a un dos trinta niveis nos que se clasifiquen os postos de traballo e percibirá as retribucións vinculadas.

A presente funcionarización do persoal laboral fai precisa a introdución dunha nova gradación de niveis no grupo AP (antigo grupo E segundo a terminoloxía do Decreto 93/1991) que equipare mellor as retribucións que viña percibindo o persoal laboral fixo das categorías V-011 e V-001 coas do persoal da agrupación profesional, engadindo un novo nivel 9 por debaixo do nivel 10.

Simultaneamente á tramitación da presente modificación de relación de postos de traballo está a tramitarse tamén unha modificación do *Decreto 93/1191, do 20 de marzo, polo que se aproba o regulamento de provisión de postos de traballo, promoción profesional e promoción interna*, clasificando o nivel mínimo do grupo AP en nivel 9 e mantendo o nivel máximo en 14.

### **Noveno. Toma de posesión. Cambio de vínculo xurídico**

A toma de posesión como persoal funcionario de carreira, que implicará o cambio do vínculo xurídico coa Administración.

Efectuarase con carácter definitivo no mesmo posto que se viñese ocupando como persoal laboral. Desde o momento da toma de posesión como persoal funcionario de carreira, seralle de plena aplicación para todos os efectos a normativa xeral en materia de función pública da Comunidade Autónoma. Aquel persoal que supere o





correspondente proceso de funcionarización desde un destino con carácter provisional tomará posesión como persoal funcionario de carreira con ese carácter.

O persoal laboral fixo que supere o correspondente proceso de funcionarización, a partir da toma de posesión como funcionario de carreira, pasará a devindicar todas as súas retribucións conforme o sistema, conceptos e contías establecidos con carácter xeral para o persoal funcionario de carreira da Comunidade Autónoma.

O persoal que se manteña no mesmo posto de traballo obxecto de funcionarización garántenselle as retribucións brutas anuais fixas na súa contía e periódicas na súa devindicación, que estaba a percibir como laboral fixo, se estas fosen superiores ás que lle correspondan como persoal funcionario de carreira, mentres permaneza nese destino ou pase mediante calquera procedemento de mobilidade a un posto de traballo da mesma tipoloxía cun mesmo réxime de prestación de servizos e cuns complementos iguais na orixinaria clasificación laboral de que deriva.

Conforme o disposto na Lei 70/1978, do 26 de decembro, de recoñecemento de servizos previos na Administración pública, e na súa normativa de desenvolvemento, para os efectos do cómputo da antigüidade, recoñeceranse indistintamente a totalidade dos servizos prestados en calquera Administración pública.

O persoal que se funcionarice seguirá percibindo os trienios recoñecidos como persoal laboral fixo valorados na contía que corresponda ao corpo, grupo, escala ou especialidade do posto equivalente. O primeiro trienio que se perfeccione como funcionario non terá unha contía inferior ao que se percibiría como laboral.

O recoñecemento das contías a percibir polo concepto de antigüidade realizarase consonte ao establecido na Lei 70/1978, do 26 de decembro, de recoñecemento de servizos prestados na Administración Pública e na Orde do 19 de xaneiro de 2023 pola que se ditan instrucións sobre a confección de nóminas do persoal ao servizo da Administración autonómica para o ano 2023 (Dog nº 14 do 20 de xaneiro) (corrección de erros Dog nº 33 do 16 de febreiro); e farase aplicando aos mesmos o valor que corresponden ao corpo ou escala no que se produza o cambio do vínculo.

A diferenza de retribucións entre a condición de persoal funcionario e laboral farase efectiva mensualmente mediante un complemento persoal de funcionarización:

- Apartado a) **funcionarización – persoal**: comprende a diferenza de retribucións brutas anuais fixas na súa contía e periódicas na súa devindicación, percibidas como persoal laboral fixo, excluídos os complementos de antigüidade e demais complementos persoais, e as percibidas como persoal funcionario. Este complemento percibirase en 12 mensualidades. Este complemento non é compensable nin absorbible, salvo que se incrementen as retribucións complementarias deste persoal por algunha causa que non derive dos incrementos anuais que, con carácter xeral, establezan as correspondentes leis de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia.







- Apartado b) **funcionarización – antigüidade**: que recollerá a diferenza de retribucións entre a contía dos trienios recoñecidos como persoal laboral e a súa equivalencia como trienios do persoal funcionario. Este complemento percibirase en 14 mensualidades e non será compensable nin absorbible.

Coa adquisición da condición de persoal funcionario de carreira consolidarase a percepción do complemento da carreira profesional que tivese recoñecido.

A **consolidación do grao persoal** comezará no nivel mínimo do correspondente Corpo ou Escala de conformidade co disposto na Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia e no Decreto 93/1991 do 20 de marzo, polo que se aproba o Regulamento de provisión de postos de traballo, promoción profesional e promoción interna.

Asinado electronicamente en Santiago de Compostela

O director xeral da Función Pública. José María Barreiro Díaz

Asinado por: BARREIRO DIAZ, JOSE MARIA  
Cargo: Director xeral da Función Pública  
Data e hora: 14/03/2023 09:39:39

CVE: 0w28SsqpbH1  
Verificación: <https://sede.xunta.gal/cve>



Dirección Xeral de Función Pública  
Edificio administrativo de San Caetano, 1, 2º  
15781 Santiago de Compostela  
Teléfono: 981 545 227 Fax 981 545 225  
[direccion.xeral.funcion.publica@xunta.gal](mailto:direccion.xeral.funcion.publica@xunta.gal)



**Memoria económica da proposta de aprobación da modificación da relación de postos de traballo referente ao proceso de funcionarización de postos de traballo de persoal laboral da Xunta de Galicia correspondente ao corpo de Agrupación profesional do persoal funcionario da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, *escala de persoal de limpeza e cociña e recursos naturais e forestais (especialidade de persoal de limpeza e cociña)***

Tendo en conta o recollido na memoria funcional da proposta de modificación da relación de postos de traballo referente ao proceso de funcionarización de postos de traballo de persoal laboral da Xunta de Galicia correspondente ao corpo de Agrupación profesional do persoal funcionario da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, *escala de persoal de limpeza e cociña e recursos naturais e forestais (especialidade de persoal de limpeza e cociña)*; o total dos **2.429 postos** obxecto de modificación desglósanse do seguinte xeito:

- **2.267 postos** de xornada completa:

DENOMINACIÓN	NIVEL	COMPLEMENTO ESPECÍFICO	SUBTOTAL	TOTAL
AXUDANTE/A DE COCIÑA	14	7.157,92	29	537
	13	6.990,17	2	
	12	6.822,48	57	
	11	6.654,54	5	
	10	6.486,34	14	
	9	6.319,04	430	
CAMAREIRO/A-LIMPADOR/A	14	7.157,92	259	631
	13	6.990,17	4	
	12	6.822,48	234	
	11	6.654,54	3	
	10	6.486,34	40	
	9	6.319,04	91	
COSTUREIRO/A	12	6.822,48	1	2
	10	6.486,34	1	
EMPREGADO/A COCIÑA-PINCHE	10	6.486,34	13	24
	9	6.319,04	11	
FREGADOR/A	10	6.486,34	7	7
LAVANDEIRO/A	11	6.654,54	2	2
LIMPADOR/A	14	7.157,92	2	1.000





DENOMINACIÓN	NIVEL	COMPLEMENTO ESPECÍFICO	SUBTOTAL	TOTAL
	12	6.822,48	3	
	11	6.654,54	9	
	10	6.486,34	152	
	9	6.319,04	834	
LIMPADOR/A-FREGADOR/A	10	6.486,34	7	11
	9	6.319,04	4	
PASADOR/A DE FERRO-LAVANDEIRO/A	14	7.157,92	1	1
PRANCHADOR/A-LAVANDEIRO/A	12	6.822,48	2	6
	11	6.654,54	3	
	10	6.486,34	1	
SERVIZO DOMÉSTICO	12	6.822,48	7	46
	11	6.654,54	10	
	9	6.319,04	29	
TOTAL .....			2.267	

Inclúe os seguintes 5 postos de traballo que pasaron de xornada parcial a completa, por aprobaren as persoas titulares dos mesmos o proceso selectivo:

UNIDADE ADMINISTRATIVA	CÓDIGO DE POSTO	DENOMINACIÓN	NIVEL
IES "XOGRAR AFONSO GÓMEZ" (SARRIA)	EDC994030127560012	LIMPADOR/A	9
IES "Nª Sª DOS OLLOS GRANDES" (LUGO)	EDC994030227001016	LIMPADOR/A	9
CEE "SANTA MARÍA" (LUGO)	EDC994090127001061	LIMPADOR/A	11
EDIFICIOS XUDICIAIS (LUGO)	PRC991000127001121	LIMPADOR/A	9
XULGADO DE PAZ (PORTO DO SON)	PRC991000815700010	LIMPADOR/A	9

- **162 postos** de xornada parcial:

DENOMINACIÓN	NIVEL	COMPLEMENTO ESPECÍFICO	SUBTOTAL	TOTAL
CAMAREIRO/A -LIMPADOR/A	9	6.319,04	6	6
LIMPADOR/A	11	6.654,54	1	154
	10	6.486,34	2	
	9	6.319,04	151	
LIMPADOR/A-FREGADOR/A	9	6.319,04	1	1
PERSOAL DE SERVIZOS XERAIS	9	6.319,04	1	1
TOTAL .....			162	

Respecto aos postos de laborais ocupados por persoal laboral fixo **que superou o proceso de funcionarización**, son un total de **643 postos** divididos cuxo custo total dos incrementos retributivos destes postos ascende a **205.033,02 €**.





Respecto aos **1.624 postos**, de xornada completa, ocupados por persoal laboral temporal, persoal indefinido non fixo e/ou persoal laboral fixo que non superou o proceso de funcionarización, o custo dos incrementos retributivos ascende a **386.422,64 €**

Respecto aos **162 postos**, de xornada parcial, ocupados por persoal laboral temporal, persoal indefinido non fixo e/ou persoal laboral fixo que non superou o proceso de funcionarización, o custo dos incrementos retributivos ascende a **18.942,91 €**.

Figuran tamén incluídos aqueles postos que sen teren complementos de pluses na relación de postos de traballo, con e sen sentenza xudicial de recoñemento, realizan as mesmas funcións, tarefas... nas mesmas circunstancias, homoxeinizándose a súa clasificación.

Non obstante, cómpre facer constar que ese custo soamente se producirá no momento no que este persoal modifique o seu vínculo coa Administración de conformidade co disposto na disposición transitoria primeira bis da Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia.

Finalmente, sinalar que os incrementos retributivos quedan compensados co aforro en cotizacións sociais como consecuencia do cambio do vínculo xurídico de laboral a funcionario.

O resumo é o seguinte:

	Nº Efectivos	Custo laboral	Custo funcionario	Custo
Aprobado/as	643	12.070.065,42 €	12.275.098,44 €	<b>205.033,02 €</b>
Resto (xornada completa)	1.624	30.952.174,99 €	31.338.597,63 €	<b>386.422,64 €</b>
Resto (xornada parcial)	162	1.443.728,10 €	1.462.671,00 €	<b>18.942,91 €</b>
<b>TOTAL .....</b>	<b>2.429</b>	<b>44.465.968,50 €</b>	<b>45.076.367,06 €</b>	<b>610.398,56 €</b>

Asinado dixitalmente en Santiago de Compostela

O director xeral da Función Pública. José María Barreiro Díaz



Relación de postos de traballo referente ao proceso de funcionarización de postos de traballo de persoal laboral da Xunta de Galicia correspondente ao corpo de Agrupación profesional do persoal funcionario da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, *escala de persoal de limpeza e cociña e recursos naturais e forestais (especialidade de persoal de limpeza e cociña)*

**Análise de:**

- **Postos aos cales as persoas ocupantes están a cobrar pluses derivado de sentenzas xudiciais e que non figuran na RPT**
- **Resto de postos a homoxeneizar por faceren as mesmas funcións**

CÓDIGO	DESCRIPCIÓN DOS PLUSES
B10	COMPLEMENTO SALARIAL DE SINGULARIDADE POR PERIGOSIDADE.
B11	COMPLEMENTO SALARIAL DE SINGULARIDADE POR TOXICIDADE.
B12	COMPLEMENTO SALARIAL DE SINGULARIDADE DE RESPONSABILIDADE.
B13	COMPLEMENTO SALARIAL DE ANTIGÜEDAD.
B14	COMPLEMENTO SALARIAL DE SINGULARIDADE DE ESPECIAL DEDICACIÓN.
B15	COMPLEMENTO SALARIAL DE FUNCÍONS.
B16	COMPLEMENTO SALARIAL DE NOCTURNIDADE.
B18	COMPLEMENTO SALARIAL DE SINGULARIDADE POR PENOSIDADE.
B20	COMPLEMENTO SALARIAL DE DIRECCIÓN.

A CORUÑA

Centro de destino	Código de posto	Denominación	Pluses	Nivel asignado orzamentos	Alegan	Resolución
<b>Centro de menores San José de Calasanz (A Coruña)</b>	PSC994030115001051	CAMAREIRO/A-LIMPADOR/A	B10 // B18	13	14	Estímase
	PSC994030115001054	CAMAREIRO/A-LIMPADOR/A	B10 // B18	13	14	Estímase
	PSC994030115001055	CAMAREIRO/A-LIMPADOR/A	B10 // B18	13	14	Estímase
	PSC994030115001056	CAMAREIRO/A-LIMPADOR/A	B10 // B18	13	14	Estímase
	PSC994030115001057	CAMAREIRO/A-LIMPADOR/A	B10 // B18	13	14	Estímase
	PSC994030115001058	CAMAREIRO/A-LIMPADOR/A	B10 // B18	13	14	Estímase
<b>Residencia de Maiores de Ferrol (A Coruña)</b>	PSC994080115350106	CAMAREIRO/A-LIMPADOR/A	B18	11	12	Estímase
	PSC994080115350107	CAMAREIRO/A-LIMPADOR/A	B18	11	12	Estímase
	PSC994080115350109	CAMAREIRO/A-LIMPADOR/A	B18	11	12	Estímase
	PSC994080115350124	CAMAREIRO/A-LIMPADOR/A	B18	11	12	Estímase
<b>Residencia de</b>	PSC994080115350127	CAMAREIRO/A-	B18	11	12	Estímase

Centro de destino	Código de posto	Denominación	Pluses	Nivel asignado orzamentos	Alegan	Resolución
Maiores de Ferrol (A Coruña)		LIMPADOR/A				
	PSC994080115350130	CAMAREIRO/A-LIMPADOR/A	B18	11	12	Estímase
	PSC994080115350132	CAMAREIRO/A-LIMPADOR/A	B18	11	12	Estímase
	PSC994080115350135	CAMAREIRO/A-LIMPADOR/A	B18	11	12	Estímase
	PSC994080115350136	CAMAREIRO/A-LIMPADOR/A	B18	11	12	Estímase
	PSC994080115350137	CAMAREIRO/A-LIMPADOR/A	B18	11	12	Estímase
	PSC994080115350142	CAMAREIRO/A-LIMPADOR/A	B18	11	12	Estímase
	PSC994080115350144	CAMAREIRO/A-LIMPADOR/A	B18	11	12	Estímase
	PSC994080115350146	CAMAREIRO/A-LIMPADOR/A	B18	11	12	Estímase
	PSC994080115350147	CAMAREIRO/A-LIMPADOR/A	B18	11	12	Estímase
	PSC994080115350148	CAMAREIRO/A-LIMPADOR/A	B18	11	12	Estímase

## LUGO

Centro de destino	Código de posto	Denominación	Pluses	Nivel asignado orzamentos	Alegan	Comentario
Centro de Menores Santo Anxo da Garda (Lugo)	PSC994030127550047	CAMAREIRO/A-LIMPADOR/A	B10/B18	13	14	Estímase
	PSC994030127550048	CAMAREIRO/A-LIMPADOR/A	B10/B18	13	14	Estímase
	PSC994030127550049	CAMAREIRO/A-LIMPADOR/A	B10/B18	13	14	Estímase



OURENSE

Centro de destino	Código de posto	Denominación	Pluses	Nivel asignado orzamentos	Alegan	Comentario
<b>Centro de menores da Carballeira (Ourense)</b>	PSC994030132001110	CAMAREIRO/A-LIMPADOR/A	B14	10	14	Estímase
	PSC994030132001111	CAMAREIRO/A-LIMPADOR/A	B14	10	14	Estímase
	PSC994030132001112	CAMAREIRO/A-LIMPADOR/A	B14	10	14	Estímase
	PSC994030132001113	CAMAREIRO/A-LIMPADOR/A	B14	10	14	Estímase
	PSC994030132001114	CAMAREIRO/A-LIMPADOR/A	B14	10	14	Estímase
	PSC994030132001100	AXUDANTE/A DE COCIÑA	B14	10	14	Estímase
	PSC994030132001101	AXUDANTE/A DE COCIÑA	B14	10	14	Estímase
	PSC994030132001131	PASADOR/A DE FERRO-LAVANDEIRO/A	NON	9	14	Estímase
<b>Residencia Xuvenil Florentino López Cuevillas (Ourense)</b>	PSC994021032001023	COSTUREIRO/A	NON	9	10	Estímase

PONTEVEDRA

Centro de destino	Código de posto	Denominación	Pluses	Nivel asignado orzamentos	Alegan	Comentario
Residencia Xuvenil Altamar (Pontevedra)	PSC994021036560017	CAMAREIRO/A-LIMPADOR/A	Non ten	9	10	Estímase
Residencia de Maiores A Estrada (Pontevedra)	PSC994080136170035	LIMPADOR/A	B18	11	12	PIDEN TAMÉN CAMBIAR DENOMINACIÓN CAMAREIRO/A LIMPADOR/A Estímase
Complejo Residencial de Atención a Persoas Dependentes (Vigo)	PSC994080036560670	AXUDANTE/A DE COCIÑA	B14//B18	12	14	Estímase
	PSC994080036560671	AXUDANTE/A DE COCIÑA	B14//B18	12	14	Estímase
	PSC994080036560672	AXUDANTE/A DE COCIÑA	B14//B18	12	14	Estímase
	PSC994080036560686	CAMAREIRO/A-LIMPADOR/A	B14//B18	12	14	Estímase
	PSC994080036560687	CAMAREIRO/A-LIMPADOR/A	B14//B18	12	14	Estímase
	PSC994080036560689	CAMAREIRO/A-LIMPADOR/A	B14//B18	12	14	Estímase
	PSC994080036560690	CAMAREIRO/A-LIMPADOR/A	B14//B18	12	14	Estímase
	PSC994080036560691	CAMAREIRO/A-LIMPADOR/A	B14//B18	12	14	Estímase
	PSC994080036560692	CAMAREIRO/A-LIMPADOR/A	B14//B18	12	14	Estímase
Complejo Residencial de Atención a Persoas Dependentes (Vigo)	PSC994080036560693	CAMAREIRO/A-LIMPADOR/A	B14//B18	12	14	Estímase

Centro de destino	Código de posto	Denominación	Pluses	Nivel asignado orzamentos	Alegan	Comentario
	PSC994080036560695	CAMAREIRO/A-LIMPADOR/A	B14//B18	12	14	Estímase
	PSC994080036560696	CAMAREIRO/A-LIMPADOR/A	B14//B18	12	14	Estímase
	PSC994080036560698	CAMAREIRO/A-LIMPADOR/A	B14//B18	12	14	Estímase
	PSC994080036560700	CAMAREIRO/A-LIMPADOR/A	B14//B18	12	14	Estímase
	PSC994080036560701	CAMAREIRO/A-LIMPADOR/A	B14//B18	12	14	Estímase
	PSC994080036560702	CAMAREIRO/A-LIMPADOR/A	B14//B18	12	14	Estímase
	PSC994080036560703	CAMAREIRO/A-LIMPADOR/A	B14//B18	12	14	Estímase
	PSC994080036560704	CAMAREIRO/A-LIMPADOR/A	B14//B18	12	14	Estímase
	PSC994080036560705	CAMAREIRO/A-LIMPADOR/A	B14//B18	12	14	Estímase
	PSC994080036560706	CAMAREIRO/A-LIMPADOR/A	B14//B18	12	14	Estímase
	PSC994080036560707	CAMAREIRO/A-LIMPADOR/A	B14//B18	12	14	Estímase
	PSC994080036560708	CAMAREIRO/A-LIMPADOR/A	B14//B18	12	14	Estímase
	PSC994080036560709	CAMAREIRO/A-LIMPADOR/A	B14//B18	12	14	Estímase
<b>Complejo Residencial de Atención a Persoas Dependentes (Vigo)</b>	PSC994080036560711	CAMAREIRO/-LIMPADOR/A	B14//B18	12	14	Estímase
	PSC994080036560712	CAMAREIRO/-	B14//B18	12	14	Estímase

Centro de destino	Código de posto	Denominación	Pluses	Nivel asignado orzamentos	Alegan	Comentario
		LIMPADOR/A				